

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2021/2022

CENTRO: IES NÚMERO 1 d'O CARBALLIÑO
CURSO: ESO E BACHARELATO
MATERIA: LINGUA CASTELÁ
DEPARTAMENTO: LINGUA CASTELÁ E LITERATURA
DATA: 6 abril 2022

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

1. Criterios sobre a avaliación e cualificación

1º Avaliación	Cálculo da nota da 1º avaliación: EXAMES:70 % Traballo DIARIO DA CASA E DA CLASE: 20% LIBRO DE LECTURA:10%
	Procedemento de recuperación da 1º avaliación:EXAME
2º Avaliación	Cálculo da nota da 2º avaliación: EXAMES:70 % Traballo DIARIO DA CASA E DA CLASE: 20% LIBRO DE LECTURA:10%
	Procedemento de recuperación da 2º avaliación:EXAME
3º Avaliación	Cálculo da nota da 3º avaliación: EXAMES:70 % Traballo DIARIO DA CASA E DA CLASE: 20% LIBRO DE LECTURA:10%
	Procedemento de recuperación da 3º avaliación:EXAME
Cualificación final	Cálculo para obter a cualificación final de curso: Nota media das tres avaliacións (de cada avaliación tomarase a nota resultante previa ao redondeo necesario para o boletín).
Proba extraordinaria para BAC	Consistente en: Proba escrita.
Alumnado de materia pendente	Cálculo para obter a cualificación final de materia pendente: Nota media das probas parciais realizadas en febreiro e maio. O alumnado que non se presentou á proba de febreiro realizará unha proba de toda a materia no mes de maio.

	Procedementos e instrumentos de avaliación: Probas escritas.
--	--

2.1. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a 3º avaliación e a avaliación final na ESO

(apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría)

Metodoloxía

A convivencia de alumnado que ten que recuperar contidos de unha ou varias avaliacións con compañeiros que farán tarefas de ampliación por teren conseguidos os obxectivos da materia, obriga a seguir unha metodoloxía baseada no traballo e a reflexión individual; ademáis, nun contexto educativo, aínda moi condicionado pola covid non é posible desenvolver traballo en grupo, polo tanto as profesoras faremos un traballo de titorización co alumnado que amplía e un traballo máis directo de repaso e continua supervisión co alumnado que non ten os obxetivos do curso logrados.

<p>Actividades tipo</p>	<p>ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN</p> <ul style="list-style-type: none"> • Actividades de repaso dos contidos fundamentais por avaliacións. • O alumnado realizará un exame dos contidos suspensos por avaliacións ao rematar o tempo de repaso. <p>ACTIVIDADES DE AMPLIACIÓN</p> <p>O alumnado poderá mellorar a súa nota final ata nun punto a través dunha ou dúas das seguintes actividades:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Realización dunha proba global dos contidos do curso. • Demostración da lectura dunha obra literaria mediante un control de lectura. • Realización dunha presentación oral sobre un contido literario (só en 3º e 4º de ESO). • O alumnado só poderá realizar dúas actividades de ampliación.
<p>Materiais e recursos</p>	<p>Libro de texto do alumno e materiais preparados <i>ad hoc</i> pola profesora: utilizaranse os materiais complementarios facilitados pola editorial, outros libros dixitais e/ou recursos da rede.</p> <p>Libros de lectura.</p>

2.2. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 1º BAC (Preparación probas extraordinarias e a actividades de apoio, reforzo, recuperación).

Metodoloxía	<p>A convivencia de alumnado que ten que recuperar contidos de unha ou varias avaliacións con compañeiros que farán tarefas de ampliación por teren conseguidos os obxectivos da materia, obriga a seguir unha metodoloxía baseada no traballo e a reflexión individual; ademáis, nun contexto educativo, aínda moi condicionado pola covid non é posible desenvolver o traballo en grupo, polo tanto as profesoras faremos un traballo de titorización co alumnado que amplía e un traballo máis directo de continua supervisión co alumnado que non ten os obxectivos do curso logrados.</p>
Actividades tipo	<p>ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN</p> <ul style="list-style-type: none"> • Actividades de repaso dos contidos fundamentais por avaliacións. • O alumnado realizará un exame dos contidos suspensos por avaliacións ao rematar o tempo de repaso. <p>ACTIVIDADES DE AMPLIACIÓN</p> <p>O alumnado ampliará os seus coñecementos mediante a realización das seguintes actividades:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Exercicios prácticos sobre contidos lingüísticos (morfosintaxe, norma...). • Exercicios prácticos sobre contidos literarios. • Realización dunha presentación oral sobre un contido literario.
Materiais e recursos	<p>Libro de texto do alumno e materiais preparados ad hoc polas profesoras: utilizaranse oa materiais complementarios facilitados pola editorial, outros libros dixitais e/ou recursos da rede.</p>

2.3. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 2º BAC (Preparación probas extraordinarias e avaliación de acceso á universidade)

Metodoloxía	A metodoloxía didáctica no Bacharelato debe favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo e para aplicar os métodos apropiados de investigación e tamén debe destacar a relación dos aspectos teóricos das materias coas súas aplicacións prácticas. Polo que nesta etapa a metodoloxía centrarase no propio alumnado para que poida apreender os contidos da materia.
Actividades tipo	As actividades que se proporán serán similares aos exercicios das ABAU. Con isto preténdese non só que o alumnado alcance os contidos mínimos esixibles para supercar a materia, senén tamén que obteña a mellor preparación posible para afrontar os exames de acceso á universidade.
Materiais e recursos	Os materiais serán elaborados pola docente encargada do curso e consistirán en apuntamentos que o alumnado poderá descargar da aula virtual do centro.